



## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

#### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DOCE DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 3492/2017.**

##### **ASISTENTES:**

D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

##### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 12 de xuño de 2017, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Jesús Antonio Fernández Cal, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia o concelleiro D. Emilio Villarrea Méndez así como da Sra. Aldaldea, D<sup>a</sup>. María Loureiro García. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto polo Primeiro Tenente de Alcalde, declárase aberto o mesmo.

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 05-06-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 05 de xuño de 2017.

#### **2.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

---

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 3420/2017**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3420/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE.3413/2017.-**

Visto o listado de facturas e obrigas que conforma o presente expte.

Visto o informe de intervención, no que se sinala que, logo de ver as facturas conformadas, solicítase informe ó Servizo de Contratación sobre a tramitación do procedemento de contratación dos servizos de limpeza. Engádese no informe de intervención o seguinte:

- 1.Trátase de gastos realizados no propio exercicio que aínda que pola súa cuantía anual non superan o importe máximo dos contratos menores, superan a duración de un ano, sendo periodicos e repetitivos, non podendo considerarse contrato menor.
- 2.Existe consignación no vixente orzamento nas aplicacións que se indican, polo importe total de 3.552,39 euros.
- 3.Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

En base ao exposto conclúe o informe de intervención indicando que manifesta a disconformidade do tratamento como contrato menor, debendo tramitar un procedemento aberto, planificando as necesidades que deben de cubrirse e concretar o alcance tanto material como temporal do obxecto da prestación a realizar e impulsar unha contratación racional e eficiente, con concurrencia e publicidade.

Consta no expediente informe do servizo de contratación no que se sinala o seguinte:

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

1. Que consonte ás últimas indicacións que me foron dadas de forma verbal o día 15 de maio de 2017, ultimei a redacción dos pregos de cláusulas e de prescricións técnicas para a referida contratación o día 31 de maio de 2017.

2.- Que os referidos documentos constan no expediente da plataforma gestiona con núm. 4436/2016, ao que está asignado esa Intervención municipal, xunto co informe deste Servizo, asinado dixitalmente o e de xuño de 2017, no que se da conta dos antecedentes deste expediente e donde se solicita (aos órganos decisores do Concello con competencias municipais en materia de contratación) a supervisión dos pregos para dar a súa conformidade ou, no seu caso, a adopción das decisións que consideren pertinentes para proceder a súa modificación, todo elo de cara a aprobación do expediente.

3. Que xunto a este informe, formando parte íntegra do mesmo, o de data 2 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, atendendo a que se atopa en tramitación a licitación deste servizo e tendo en conta que entre tanto non se remate o referido proceso de contratación non pode prescindirse do mesmo, e que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3413/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 3378/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 3378/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 31 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Aldro Energía y Soluciones SL**, por un importe total de **20.959,09 €**, que constan no expediente **3378/2017**.

Resultando que en data 2 de xuño de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 20.959, 09 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Aldro Energía y Soluciones SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3378/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 3380-2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 3380/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 31 de maio de

## Concello de Viveiro

---

2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Xenera Compañía Eléctrica SA**, por un importe total de **182,15 €**, que constan no expediente **3380/2017**.

Resultando que en data 2 de xuño de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparo formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 182,15 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dezan lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Xenera Compañía Eléctrica SA, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangue todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

## Concello de Viveiro

---

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3380/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 2971/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2971/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **BILBAO CIA. ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS**, por un importe total de **7.201,84 €**, que constan no expediente **2971/2017**.

Resultando que en data 6 de xuño de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 7.201,84 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano, e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo provedor.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Bilbao CIA. AMMA de Seguros y Real Seguros, referidas ás pólizas correspondentes a seguros de vehículos municipais.*

*Tendo en conta que neste concello as pólizas de seguros de vehículos se atopaban contratadas con diversas compañías, non contándose neste momento cun expediente de contratación ao respecto, que se entende debería realizarse para todos os seguros municipais co obxectivo de garantir os principios de publicidade e concorrència.*

*Tendo en conta que ante o vencemento do seguro vixente para os vehículos municipais, non resultando viable poder contar, para esa data, co expediente de contratación tramitado segundo o referido no parágrafo anterior, este concello, co fin de obter un beneficio económico para as arcas municipais, solicitou tres orzamentos a diferentes compañías, contratando a póliza de seguros para a totalidade dos vehículos municipais con Bilbao CIA. AMMA de Seguros y Real Seguros, por resultar a mellor oferta económica.*

*Esta contratación realizouse por un período de un ano, co obxectivo de poder levar a cabo, neste tempo, o correspondente procedemento de contratación que garanta os principios de publicidade e concorrència esixidos para este tipo de contratos, e fíxose por un importe total de 7.201,84 euros, polo que, aínda que este servizo supón unha prestación necesaria no tempo, a contratación con esta compañía, tanto polo importe como polo prazo, encádrase dentro da figura do contrato menor, podendo entenderse como a execución dunha*

## Concello de Viveiro

---

*prestación temporal, que supón un aforro para o concello, en tanto non se leve a cabo o procedemento correspondente.*

*Tendo en conta que este servizo resulta imprescindible para este concello por ser obrigatorio legalmente que todo vehículo conte con seguro obrigatorio.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de seguros existentes.*

*III. Tendo en conta que os seguros dos vehículos de titularidade municipal constitúen un servizo indispensable e obrigatorio para o concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **2971/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**EXPTE. 3432/2017.- APROBACIÓN DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PROXECTOS DE OBRA INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL: "PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NA RÚA LODEIRO - VIVEIRO (LUGO)". "PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NA RÚA REGO DA FONTE EN CELEIRO".**

Visto o Proxecto da obra "Proxecto de Pavimentación e Servizos na Rúa Lodeiro - Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras municipal en abril de 2017, cun orzamento de 173.000,00 euros.



## Concello de Viveiro

---

Visto o Proxecto da obra "Proxecto de Pavimentación e Servizos na Rúa Rego da Fonte en Celeiro", redactado polo arquitecto de obras municipal en abril de 2017, cun orzamento de 190.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dos Proxectos das obras: "Proxecto de Pavimentación e Servizos na Rúa Lodeiro - Viveiro (Lugo)" e "Proxecto de Pavimentación e Servizos na Rúa Rego da Fonte en Celeiro".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 3506/2017.- APROBACIÓN EXPOSICIÓN PÚBLICA PROXECTO DE OBRA "PROXECTO DE SINALIZACIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO DENOMINADA "RUTA PENEDO DO GALO" NO CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)".**

Visto o Proxecto da obra "Proxecto de sinalización da ruta de sendeirismo denominada "Ruta Penedo do Galo" no Concello de Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras municipal en febrero de 2017, cun orzamento de 19.846,93 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dos Proxectos das obras "Proxecto de sinalización da ruta de sendeirismo denominada "Ruta Penedo do Galo" no Concello de Viveiro (Lugo)".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 3521/2017.- APROBACIÓN EXPOSICIÓN PÚBLICA PROXECTO DE OBRA "REPOSICIÓN E MELLORA DO FIRME NAS RÚAS DENOMINADAS REGO DAS FRORES, ALONSO PÉREZ E JESÚS NOYA NO NÚCLEO URBANO DE VIVEIRO (LUGO)".**

Visto o Proxecto da obra "Reposición e Mellora do firme nas Rúas denominadas Rego Das Frores, Alonso Pérez e Jesús Noya no Núcleo Urbano de Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras municipal en febreiro de 2017, cun orzamento de 57.632,46 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dos Proxectos das obras "Reposición e Mellora do firme

---

## Concello de Viveiro





## Concello de Viveiro

---

nas Rúas denominadas Rego Das Frores, Alonso Pérez e Jesús Noya no Núcleo Urbano de Viveiro (Lugo)",

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 3522/2017.- APROBACIÓN EXPOSICIÓN PÚBLICA PROXECTO DE OBRA "PROXECTO DE MELLORA E REPOSICIÓN DE SANEAMENTO, REDES DE SUMIDOIROS E ABASTECIMENTO DE AUGA NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE O Nº 70 E Nº 96 DA RÚA RÚA GRANDE DE CELEIRO, VIVEIRO (LUGO)".**

Visto o Proxecto da obra "Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o nº 70 e nº 96 da rúa Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras municipal en febrero de 2017, cun orzamento de 99.855,29 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dos Proxectos das obras "Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o nº 70 e nº 96 da rúa Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

### **4.- ENTRONCAMENTOS.**

#### **EXPTE. 3450/2017.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**

Vista a solicitude de D<sup>a</sup>. María Concepción Vázquez Pérez, con domicilio a efectos de notificación en San Lázaro, nº 22-1<sup>º</sup>B, en Viveiro, para realizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga, para a vivenda con referencia catastral 27067AO09001220004EA, sita en Campo de Verdes, nº 11B, en Viveiro, para o tipo de obra: VIVENDA.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. Ø 75
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	6 m
Terreo	Asfalto

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

Observacións	Ten que romper asfalto
--------------	------------------------

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal. Establécese polo arquitecto municipal unha fianza de 300,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitada por D<sup>a</sup>. María Concepción Vázquez Pérez, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 145,61 euros, segundo o art. 6.1 da Ordenanza, e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 300,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

### **EXPTE. 3269/2017.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS.**

Visto o expediente de entronque á rede de sumidoiros N<sup>o</sup> 05/16, tramitado a instancia de D. Francisco José Criado Sánchez, con domicilio en Granxas, n<sup>o</sup> 75-3<sup>o</sup> Izda., en Covas, Viveiro na que solicita autorización para conexión de alcantarillado á rede de distribución para a vivenda unifamiliar de referencia catastral 27067A026240000XD sita en Mañona, s/n, Covas, Viveiro.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC Ø 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	6 m
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización



## Concello de Viveiro

---

para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitado por D. Francisco José Criado Sánchez, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

### **5.- ESCRITOS E COMUNICACIONES.**

#### **EXPTE. 3493/2017.- LICENZA DE PERRO PERIGOSO.**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup>. Isabel Villar Rifón con domicilio na R/ Valdeflores, nº 46, en Viveiro, no que solicita a expedición da licenza municipal pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa.

Vista a documentación presentada pola interesada, que se relaciona a continuación:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de penais.
- Certificado de aptitude psicolóxica.
- Certificado de Seguro de Responsabilidad Civil.
- Autoliquidación pola expedición de licenza municipal.
- Certificado da memoria descritiva das instalacións e medidas de seguridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Conceder a D<sup>a</sup>. Isabel Villar Rifón, a licenza municipal pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa. O titular da licenza deberá cumprir con todas as obrigas establecidas no decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

na Comunidad Autónoma de Galicia.

Segundo .- O titular da licenza municipal deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, que se establece con esta finalidade en todos os Concellos, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

Terceiro .- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría, ao obxecto de que se notifique á interesada.

### **EXPTE. 3334/2017.- TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI.**

Visto o escrito presentado por D. Ruperto Blanco Franco, con domicilio na R/ Teodoro de Quirós, 14-2º, en Viveiro, no que solicita a transmisión e cambio de titularidade da licenza de taxi Nº 4 do Concello de Viveiro a favor de D. José Manuel Franco Díaz, con domicilio na R/ Alonso Pérez, 28-6ºD, en Viveiro, que asina conxuntamente a solicitude como proba da súa aceptación.

Segundo a documentación aportada a parada atenderase co vehículo marca Citroen, modelo Nuevo C-Elysée BlueHDi 100 Shine (stock), matrícula 9037JZR, e nº de bastidorVF7DDBHY6HJ619721. A tarxeta correspondente ao titular actual da licenza correspóndese coa tarxeta VT nº 03401280-7.

Por parte de Secretaría indícase que a transmisión de licenzas de taxi deben cumprir os requisitos establecidos na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, debendo cumprirse os requisitos referidos no momento da autorización do cambio de titularidade.

Visto o expediente municipal no que se constata que a licenza de taxi figura dende hai máis de dous anos a nome do transmitente, constan no expediente certificados de estar ó día nas súas obrigas tributarias e de seguridade social, así como das relacionadas coa actividade propia do taxi, consta así mesmo informado Concello da non existencia de débedas en período executivo, non constando así mesmo, da referida documentación, a existencia de débedas referidas a sancións pecuniarias polo exercizo da actividade do taxi. Respecto ó límite máximo de licenzas nun mesmo titular non consta neste Concello a existencia doutra licenza de taxi a nome da persoa que adquire a licenza.

Visto que consta no expediente, referente ó novo titular, documentación acreditativa da non existencia de débedas tributarias e coa Seguridade Social, autorización provisional de circulación do novo vehículo que se vai destinar ó servizo de taxi, compromiso de alta no IAE, compromiso de alta en autónomos, compromiso de contratación do seguro de responsabilidade civil, declaración xurada na que se manifesta que non é titular neste momento de ningunha outra licenza de taxi, compromiso de adicación exclusiva ó taxi e certificación do Concello de Viveiro respecto a que o novo

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

titular non conta neste Concello con ningunha licenza de taxi ó seu nome.

Visto o establecido na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e comprobada por este Concello a documentación presentada e o cumprimento dos requisitos previstos para a autorización da transmisión da licenza de taxi.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Remitir a solicitude de cambio de titularidade da licenza de taxi nº 4, a favor de D. José Manuel Franco Díaz (presentada neste Concello), xunto coa documentación obrante no expediente, ó Servizo de Mobilidade do Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Órgano competente respecto á autorización interurbana de taxi), ós efectos da emisión de informe previo á autorización de cambio de titularidade da licenza de taxi solicitada.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados, facendo constar que se trata dun acto de trámite.

## **6.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

### **EXPTE. 3502/2017.-**

Vista a Orde do 4 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (DOG nº 97, de 23 de maio de 2017).

Visto o escrito presentado pola Directora do Centro de Información ás Mulleres de Viveiro para a solicitude da referida subvención, cos condicionamentos establecidos na referida orde, indicando que a Xunta de Goberno Local debe adoptar acordo sobre os seguintes puntos:

- Solicitar subvención para adxudicación de equipamentos de emerxencias, na Liña 2: remolques para a atención ás emerxencias e na Liña 4: baúis de salvamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (DOG nº 97, de 23 de maio de 2017).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Directora do Centro de Información ás Mulleres e Viveiro, para a súa tramitación.

### **7.- PROPOSTAS DE GASTOS.**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 2674/2017.- EXPTE. 2820/2017.- EXPTE. 2824/2017.- EXPTE. 3392/2017.- EXPTE. 3451/2017.- EXPTE. 3478/2017.- EXPTE. 3479/2017.- EXPTE. 3480/2017.- EXPTE. 3483/2017.- EXPTE. 3484/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 12 de xuño de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.